

Posteriormente, ditouse o Real decreto 1318/2004, do 28 de maio, polo que se modifica o citado Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, en cuxo artigo único establece: «Queda diferida ao ano académico 2006-2007 a aplicación das medidas previstas para o ano académico 2004-2005 nos artigos 2, 5, 9, 15.1, 15.3, 15.4, 15.5, 15.7 e disposición adicional segunda do Real decreto 827/2003, do 27 de xuño». Polo que a xeneralización das ensinanzas conducentes ao título de especialización didáctica a que se refire o artigo 58 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, se realizará no curso 2006-2007. Así mesmo, no curso 2006-2007 deixarán de se organizar e impartir as ensinanzas conducentes á obtención dos certificados de aptitude pedagóxica.

Ao se atrasar en dous anos a aplicación do novo sistema educativo, resulta necesario modificar as disposicións transitorias primeira, segunda e terceira do Real decreto 118/2004, do 23 de xaneiro, e a disposición transitoria primeira do Real decreto 334/2004, do 27 de febreiro, pospor a existencia do título de especialización didáctica e prorrogar as ensinanzas conducentes á obtención do certificado de aptitude pedagóxica e o prazo para a obtención dunha experiencia docente previa.

Este real decreto foi obxecto de consulta ás comunidades autónomas, foron oídas as organizacións sindicais de acordo co establecido na Lei 9/1987, do 12 de xuño, modificada pola Lei 7/1990, do 17 de xullo, e sobre ela emitiu informe o Consello de Coordinación Universitaria. Así mesmo, foi sometido a informe do Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Ciencia, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de outubro de 2005,

DISPONGO:

Artigo primeiro. Modificación do Real decreto 118/2004, do 23 de xaneiro, polo que se regula o título de especialización didáctica.

O Real decreto 118/2004, do 23 de xaneiro, polo que se regula o título de especialización didáctica, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase a disposición transitoria primeira, que reconece a experiencia docente previa como equivalente ao título de especialización didáctica sempre que se adquirise con anterioridade ao 1 de setembro de 2005, data que queda diferida ao 1 de setembro de 2007.

Dous. Modifícase a disposición transitoria segunda, en virtude da cal as administracións educativas poderían seguir organizando durante o curso 2003-2004 as ensinanzas conducentes á obtención dos certificados de aptitude pedagóxica, e establécese que as administracións educativas poderán organizar as citadas ensinanzas ata o curso 2005-2006, inclusive.

Tres. Difírese para o 1 de setembro de 2007 a existencia da posesión do título de especialización didáctica que a disposición transitoria terceira establecía a partir do 1 de setembro 2005, nos seguintes casos:

a) Para o ingreso nas especialidades de tecnoloxía, de psicoloxía e pedagogía e as correspondentes ás distintas ensinanzas de formación profesional dos corpos de catedráticos e de profesores de ensinanza secundaria, así como para as especialidades do corpo de profesores técnicos de formación profesional.

b) Para o ingreso nos corpos de catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, de catedráticos e profesores de música e artes escénicas, de catedráticos e profesores de artes plásticas e deseño e de mestres de taller de artes plásticas e deseño.

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 334/2004, do 27 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes que imparten as ensinanzas escolares do sistema educativo e no corpo de inspectores de educación.*

Modifícanse as referencias á data do 1 de setembro de 2005 que aparecen contidas na disposición transitoria primeira do Real decreto 334/2004, do 27 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes que imparten as ensinanzas escolares do sistema educativo e no corpo de inspectores de educación, que quedan adiadadas ata o día 1 de setembro de 2007.

Disposición derradeira primeira. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto, que se dita en uso da competencia exclusiva atribuída ao Estado no artigo 149.1.30.^a da Constitución, é de aplicación en todo o territorio nacional.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de outubro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación e Ciencia,

MARÍA JESÚS SAN SEGUNDO GÓMEZ DE CADIÑANOS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

18425 *REAL DECRETO 1315/2005, do 4 de novembro, polo que se establecen as bases dos sistemas de seguimento e verificación de emisións de gases de efecto invernadoiro nas instalacións incluídas no ámbito de aplicación da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro. («BOE» 268, do 9-11-2005.)*

A Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, posteriormente modificada pola Directiva 2004/101/CE, establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Comunidade, para fomentar a redución eficaz e eficiente das emisións destes gases e así axudar a cumprir cos compromisos do Protocolo de Quioto.

Entre outras medidas, a Directiva 2003/87/CE exige que se implante un sistema de seguimento das emisións de gases de efecto invernadoiro resultantes de determinadas actividades industriais ou enerxéticas e encomenda aos Estados membros que ese seguimento se realice de conformidade coas directrices que adopte a Comisión Europea, baseadas nos principios que figuran no anexo IV da propia directiva. Para posibilitar o seguimento das emisións, os titulares das instalacións afectadas deben notificar anualmente á autoridade competente as emisións de cada instalación, mediante un informe que debe ser sometido a verificación seguindo os criterios que establece o anexo V da mesma directiva.

A Decisión 2004/156/CE da Comisión, do 29 de xaneiro de 2004, determina as directrices para o seguimento e a notificación das emisións de gases de efecto invernadoiro exixidos pola Directiva 2003/87/CE, baseadas nos principios e criterios fixados respectivamente nos anexos IV e V da mesma directiva. En relación cos informes dos titulares das instalacións afectadas, dispón que estes «se verificarán de acordo cos requisitos detallados establecidos polo Estado membro conforme o anexo V da directiva».

A transposición das directivas 2003/87/CE e 2004/101/CE ao ordenamento xurídico español foi realizada, na súa maior parte, a través da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro. O capítulo VI da citada lei regula as obrigas de información exixidas aos titulares das instalacións autorizadas. Concretamente, o artigo 22 dispón que os titulares deben remitir antes do 28 de febreiro, ao órgano autonómico competente, un informe verificado sobre as emisións de gases de efecto invernadoiro do ano precedente. Este informe debe ser elaborado consonte o que establecen a lei e o sistema de seguimento descrito na autorización e verificado de conformidade co disposto no anexo IV da mesma lei por organismos de verificación acreditados conforme o que establece a normativa de desenvolvemento, que será preceptivamente sometida a informe da Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático.

A Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático é un órgano de coordinación e colaboración entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, creado polo artigo 3 da Lei 1/2005, do 9 de marzo, co albo de facilitar a coordinación das políticas destinadas a aplicar o réxime de comercio de dereitos de emisión e o cumprimento das obrigas internacionais e comunitarias en materia de cambio climático.

Unha vez verificado, o informe anual do titular de cada instalación débese someter á conformidade do órgano autonómico competente, o cal procederá a inscribir no rexistro a cifra de emisións verificadas. Os titulares están obrigados a lle entregar ao rexistro, antes do 30 de abril de cada ano, un número de dereitos de emisión equivalente ao dato de emisións verificadas da instalación correspondentes ao ano anterior, para a súa cancelación.

A falta de presentación en prazo do informe anual verificado está tipificada como infracción administrativa moi grave polo artigo 29 da Lei 1/2005, do 9 de marzo.

Por outra parte, o artigo 4.4 desa mesma lei determina que regulamentariamente se establecerán as bases do sistema de seguimento de emisións e as obrigas de fornecemento de información de acordo co disposto nas alíneas d) e e) do seu artigo 4.2. O desenvolvemento regulamentario deberá ser compatible coa normativa comunitaria e ter presentes os requirimentos de viabilidade técnica e económica en cada sector incluído no ámbito de aplicación da lei.

Por isto, faise preciso desenvolver as normas básicas que deben rexer tanto a aplicación das directrices de seguimento como a verificación dos informes sobre emisións que os titulares das instalacións autorizadas lle deben remitir ao órgano autonómico competente con carácter anual, os requisitos mínimos que deben cumprir os que leven a cabo tarefas de verificación e os sistemas e as condicións de acreditación dos verificadores.

Por outro lado, a disposición derradeira terceira da Lei 1/2005, do 9 de marzo, prevé que o Goberno, no ámbito das súas competencias, ditará as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento.

Para poder cumprir o calendario de aplicación previsto no citado texto legal, e dado o escaso tempo dispoñible para poder finalizar o procedemento de acreditación de verificadores consonte os requisitos específicos en materia de verificación de emisións de gases de efecto

invernadoiro, establécese a posibilidade de que os verificadores acreditados consonte o Regulamento (CEE) n.º 1836/93 do Consello, do 29 de xuño de 1993, polo que se permite que as organizacións se adhiran con carácter voluntario a un sistema de xestión e auditoría ambientais, substituído polo Regulamento (CE) n.º 761/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de marzo de 2001, poidan verificar, até o 30 de marzo de 2006, os informes sobre emisións de gases de efecto invernadoiro.

Por outro lado, atendendo ao contido e finalidade ambiental do sistema de verificación e acreditación de emisións de gases de efecto invernadoiro, este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.23.ª da Constitución española en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas para estableceren normas adicionais de protección.

Na elaboración deste real decreto, que se dita en desenvolvemento dos artigos 4.4, 22 e 23 da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, efectuáronse as consultas pertinentes ás partes implicadas e emitiron informe o Consello Nacional do Clima, o Consello Asesor de Medio Ambiente e a Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Medio Ambiente, de Economía e Facenda e de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de novembro de 2005,

DISPÓÑO :

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as normas básicas que deben rexer os sistemas de seguimento e verificación das emisións de gases de efecto invernadoiro das instalacións autorizadas de conformidade coa Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

Artigo 2. *Requisitos e directrices do sistema de seguimento.*

1. As instalacións incluídas no ámbito de aplicación da Lei 1/2005, do 9 de marzo, deberán dispor do sistema de seguimento de emisións que estableza a autorización outorgada polo órgano autonómico competente. Para tal efecto, o órgano autonómico competente, de conformidade co disposto no artigo 4.2.d) da citada lei, determinará a obriga de establecer o sistema de seguimento específico para a instalación, de conformidade cos requisitos establecidos no seu anexo III, así como, nos termos en que proceda, coas directrices contidas na Decisión 2004/156/CE da Comisión, do 29 de xaneiro de 2004, ou as directrices que as substitúan e demais normativa de desenvolvemento.

2. A Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático promoverá a aplicación coordinada das directrices de seguimento de emisións de gases de efecto invernadoiro por sectores de actividade. Para tal efecto, o presidente da Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático dará publicidade ás recomendacións que, se é o caso, se puideren acordar nesa comisión.

Artigo 3. *Verificación do informe anual de emisións de gases de efecto invernadoiro.*

1. O titular da instalación autorizada será responsable da elaboración do informe anual sobre emisións de

gases de efecto invernadoiro establecido no artigo 22 da Lei 1/2005, do 9 de marzo, de conformidade co establecido na citada lei, a normativa adicional de protección, as directrices que, se é o caso, aproben a Comisión Europea ou a Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático e os criterios que, sobre o seu sistema de seguimento, dispoña a autorización.

2. Soamente poderán verificar os informes anuais sobre emisións de gases de efecto invernadoiro os verificadores acreditados polo órgano autonómico competente en materia de acreditación ou, se é o caso, polo organismo de acreditación designado pola comunidade autónoma consonte o disposto neste real decreto. En calquera caso, os verificadores deberán cumprir cos requisitos establecidos no artigo 9.

3. Non obstante o disposto no número anterior, un verificador acreditado nunha comunidade autónoma poderá realizar tarefas de verificación no territorio doutra comunidade autónoma distinta, sempre que lle comunique a súa intención ao órgano autonómico competente no territorio onde desexe actuar cunha anticipación mínima dun mes e presente a documentación que acredite que dispón dunha acreditación en vigor emitida con respecto aos criterios e requisitos establecidos neste real decreto.

Artigo 4. *Organismos de acreditación.*

Para os efectos deste real decreto, o organismo de acreditación é unha entidade, pública ou privada, sen ánimo de lucro, designada expresamente polo órgano autonómico competente para realizar a acreditación, ou recoñecemento formal, a través dun sistema conforme o previsto na Lei 1/2005, do 9 de marzo, e neste real decreto, da competencia dun verificador para operar no ámbito obrigatorio da verificación dos informes sobre emisións de gases de efecto invernadoiro regulado no artigo 22 da citada lei.

Artigo 5. *Comunicación relativa ao órgano autonómico competente en materia de acreditación.*

As comunidades autónomas comunicarán á Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático o órgano autonómico competente en materia de acreditación de verificadores, e, se é o caso, os verificadores acreditados directamente polo dito órgano.

Artigo 6. *Condicións e requisitos que deberán cumprir os organismos de acreditación.*

O organismo de acreditación deberá actuar con independencia, obxectividade e imparcialidade e levar a cabo as súas funcións con solvencia técnica e financeira, para o cal deberá demostrar que cumpre, ao menos, as seguintes condicións e requisitos:

a) Ter personalidade xurídica propia e unha estrutura organizativa e funcional tal que permita garantir a independencia e imparcialidade das súas actividades, incluídas a suficiencia de recursos económicos e solvencia financeira para o desenvolvemento das súas actividades.

b) Dispor do persoal e dos sistemas e procedementos adecuados para garantir a capacidade técnica, a eficacia do seu traballo e a obxectividade e imparcialidade das súas actividades de acreditación, incluíndo a confidencialidade e salvagarda da información obtida.

c) Dispor de procedementos específicos para a identificación, xestión e arquivo das desconformidades ou reclamacións contra as súas actuacións e para adoptar accións preventivas.

d) Subscribir pólizas de seguro que garantan a cobertura da responsabilidade legal derivada das súas actividades de acreditación por unha contía mínima de tres millóns de euros, sen que esta limite a dita responsabilidade. A citada contía será actualizada anualmente en función do índice de prezos de consumo.

e) Non ter ningunha vinculación técnica, comercial, financeira ou de calquera outro tipo que poida comprometer a independencia e imparcialidade da propia entidade ou do seu persoal.

Artigo 7. *Designación ou recoñecemento formal dos organismos de acreditación.*

1. O órgano autonómico competente, despois de informe da Comisión de coordinación das políticas de cambio climático, á vista dos estatutos da entidade e do resto de documentación, así como do cumprimento das condicións e requisitos exixidos, poderá designar a entidade solicitante como organismo de acreditación no marco deste real decreto.

2. O órgano autonómico competente poderá, así mesmo, recoñecer os organismos de acreditación que fosen designados formalmente, conforme o disposto neste real decreto, por outras comunidades autónomas. O recoñecemento formal producirá os mesmos efectos que a designación.

3. Unha vez designado ou recoñecido un organismo de acreditación, o órgano autonómico competente comunicará a resolución correspondente á Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático, que dará publicidade actualizada de todos os organismos de acreditación designados ou recoñecidos no territorio nacional.

4. Unha vez designado ou recoñecido formalmente por unha comunidade autónoma, o organismo de acreditación poderá acreditar os verificadores que teñan o seu domicilio social no territorio da mesma comunidade autónoma.

5. O órgano autonómico competente tomará as medidas necesarias para garantir que, cando actúan no territorio da súa comunidade autónoma, os organismos de acreditación por el designados ou recoñecidos cumpren as condicións e requisitos establecidos neste real decreto.

6. A designación ou o recoñecemento dunha entidade como organismo de acreditación de verificadores no territorio dunha comunidade autónoma serán revogados ou suspendidos temporalmente polo órgano competente da mesma comunidade autónoma, precedendo audiencia do propio organismo de acreditación, cando este incumpra as condicións que determinaron a súa designación ou recoñecemento e nos termos que establece a lexislación autonómica.

7. O órgano autonómico competente notificaralle a suspensión ou retirada da designación ou do recoñecemento á Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático.

Artigo 8. *Obrigas do organismo de acreditación.*

Con carácter xeral, o organismo de acreditación designado deberá cumprir, ao menos, as seguintes obrigas:

a) Cumprir en todo momento as condicións que serviron de base á súa designación. Calquera cambio das condicións deberá ser autorizado polo órgano autonómico competente.

b) Tramitar e resolver todas as solicitudes de acreditación que se lle soliciten e emitir, se é o caso, os certificados correspondentes e os informes que lle sexan exixibles.

c) Emitir certificados de acreditación, por un prazo de validez de cinco anos e de carácter renovable, aos verificadores que superasen as condicións e requisitos técnicos exixidos para a súa acreditación.

d) Crear, revisar e manter actualizada unha lista dos verificadores por el acreditados, con indicación do prazo de vixencia e o alcance da acreditación, comunicar esta información ao órgano autonómico competente e á Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático e póla ao dispor do público.

e) Establecer plans de vixilancia e seguimento dos verificadores acreditados, para comprobar que seguen cumprindo cos requisitos que serviron de base para a súa acreditación.

f) Adoptar as medidas oportunas para salvagardar a todos os niveis da súa organización a confidencialidade da información obtida no desempeño das súas actividades.

g) Manter rexistros permanentemente actualizados das súas actividades que permitan demostrar en calquera momento que os procesos de acreditación se levan a cabo de forma adecuada e conservar para a súa posible consulta, durante o prazo de 10 anos, os expedientes, documentación e datos das acreditacións realizadas.

h) Aplicar as tarifas previamente comunicadas e publicadas para a prestación dos seus servizos.

i) Facilitarlle ao órgano autonómico competente a información e a asistencia técnica que precise en materia de acreditación e de seguimento da acreditación, así como toda a información que lle sexa requirida en relación coa súa organización, xestión e actividades e coa súa solvencia técnica e financeira.

Artigo 9. *Criterios para a acreditación dos verificadores.*

1. Para os efectos deste real decreto, un verificador é un organismo de verificación competente, independente e acreditado para levar a cabo o proceso de verificación do informe anual de emisións de gases de efecto invernadoiro a que fai referencia o artigo 22 da Lei 1/2005, do 9 de marzo, de acordo cos requisitos establecidos no anexo IV da mesma lei, este real decreto e a demais normativa aplicable.

2. De conformidade co número 12 do anexo IV da Lei 1/2005, do 9 de marzo, o verificador deberá:

a) Ser independente do titular da instalación autorizada.

b) Levar a cabo as súas actividades de maneira profesional, competente e obxectiva.

c) Coñecer a normativa e as directrices pertinentes en materia de seguimento e verificación de emisións de gases de efecto invernadoiro. En particular:

1.º As disposicións da Lei 1/2005, do 9 de marzo, e a súa normativa de desenvolvemento.

2.º As directrices sobre elaboración de inventarios nacionais de gases de efecto invernadoiro aprobadas polo Panel Intergubernamental de Cambio Climático, no que sexan pertinentes por actividade e gas afectado.

3.º As normas e directrices pertinentes adoptadas pola Comisión Europea.

4.º As recomendacións e resolucións interpretativas da Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático.

5.º Os requisitos legais, regulamentarios e administrativos aplicables ás actividades verificadas.

6.º A xeración de toda a información relacionada con cada fonte de emisións da instalación, en especial a relativa á recolla, medición, cálculo e notificación dos datos.

3. Para a acreditación dos verificadores, o organismo de acreditación comprobará que estes cumpren os requisitos mínimos anteriores e confirmará que dispoñen de:

a) Unha estrutura organizativa e funcional e uns procedementos que garantan a súa independencia e imparcialidade e a do seu persoal, con respecto aos centros sometidos a verificación e aos seus titulares.

b) Competencia e coñecemento das actividades e procesos de verificación, incluíndo competencia e coñecemento das técnicas de investigación, observación, inspección e procedementos analíticos para poder elaborar e seguir os plans de verificación.

c) Coñecemento básico das actividades e procesos industriais e enerxéticos sometidos a verificación, segundo o alcance da acreditación solicitada, e das disposicións e normas que lles sexan de aplicación a que fai referencia o número 2.

d) Procesos de verificación que ofrezan expectativas razoables de identificar discrepancias importantes e niveis aceptablemente baixos do risco de verificación.

e) Procedementos para aplicar correctamente de forma sistemática os procesos de verificación e sempre de forma profesional e competente e respectando a normativa aplicable.

f) Experiencia previa demostrada en actividades de verificación ambiental ou en actividades similares de avaliación da conformidade.

g) Procedementos para asegurar un tratamento confidencial adecuado de todos os datos sometidos a verificación.

h) Procedementos e arquivos para asegurar a adecuada xestión e conservación de todos os datos.

4. Os aspectos relacionados no número anterior valoraranse de acordo cos criterios establecidos pola Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático, que terá en conta:

a) As disposicións normativas que para tal efecto adopten as institucións internacionais, comunitarias ou nacionais.

b) As especificacións ou recomendacións da Comisión Europea.

c) As normas, especificacións ou recomendacións adoptadas para tal fin por organismos internacionais independentes.

Disposición adicional única. *Verificadores acreditados noutro Estado membro da Unión Europea.*

Os verificadores acreditados noutro Estado membro da Unión Europea no ámbito de aplicación do artigo 15 da Directiva 2003/87/CE do Parlamento europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, poderán verificar as emisións de gases de efecto invernadoiro das instalacións situadas en España, sempre que comuniquen a súa intención ao órgano autonómico competente no territorio onde desexen actuar cunha anticipación mínima de tres meses e fornezan a documentación que probe que dispoñen dunha acreditación en vigor emitida con respecto a criterios e requisitos similares, como mínimo, aos establecidos neste real decreto e sempre que o órgano autonómico competente non adopte unha resolución expresa motivada en sentido contrario.

Disposición transitoria única. *Verificación do informe de emisión de gases de efecto invernadoiro por verificadores acreditados conforme o Regulamento (CEE) n.º 1836/93 do Consello.*

Até o 31 de marzo de 2006, os informes de emisión de gases de efecto invernadoiro regulados polos artigos 22 e 23 da Lei 1/2005, do 9 de marzo, poderán ser verificados por verificadores ambientais acreditados segundo o Regulamento (CEE) n.º 1836/93 do Consello, do 29 de xuño de 1993, polo que se permite que as organizacións

se adhiran con carácter voluntario a un sistema de xestión e auditoría ambientais, substituído polo Regulamento (CE) n.º 761/2001, do 19 de marzo de 2001, con acreditación e experiencia no sector en que vaian realizar as funcións de verificación.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23.^a da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase os titulares dos ministerios de Medio Ambiente, de Economía e Facenda e de Industria, Turismo e Comercio para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de novembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

18492 *CORRECCIÓN de erros da Orde ITC/3079/2005, do 3 de outubro, pola que se actualizan os anexos I e II do Real decreto 2028/1986, do 6 xuño, sobre as normas para a aplicación de determinadas directivas da CE, relativas á homologación de tipo de vehículos automóbiles, remolques, semirremolques, motocicletas, ciclomotores e vehículos agrícolas, así como de partes e pezas destes vehículos.* («BOE» 270, do 11-11-2005.)

Advertidos erros no texto remitido da Orde ITC/3079/2005, do 3 de outubro, pola que se actualizan os anexos I e II do Real decreto 2028/1986, do 6 xuño, sobre as normas para a aplicación de determinadas directivas da CE, relativas á homologación de tipo de vehículos automóbiles, remolques, semirremolques, motocicletas, ciclomotores e vehículos agrícolas, así como de partes e pezas destes vehículos, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 11 en lingua galega, do 1 de novembro, a seguir transcríbense as seguintes rectificacións:

Na páxina 1449, quinta fila, onde di:

Protección traseira	70/221 79/490 81/333	(A*) (A*) (A*)	(A*) (A*) (A*)	Regulamento CEPE/ONU 58R01 (L) – Orde do MINER do 25-5-82 e 25-3-83.	(1) Non afecta a protección traseira
	97/19 (Anexo II) 2000/8 (1)	(A*) (A*)	(A*) (A*)		

Debe dicir:

Protección traseira	70/221 79/490 81/333	(A*) (A*) (A*)	(A*) (A*) (A*)	Regulamento CEPE/ONU 58R01 (L) – Orde do MINER do 25-5-82 e 25-3-83.	(1) Non afecta a protección traseira
	97/19 (Anexo II) 2000/8 (1)	(A) (A*)	(A) (A*)		

Na páxina 1452, décimo oitava fila, onde di:

Limitadores de velocidade Homologación	92/24 2004/11	– (A*)	– (A)	Regulamento CEPE/ONU 89R00 (L)	
--	------------------	-----------	----------	--------------------------------	--

Debe dicir:

Limitadores de velocidade Homologación	92/24 2004/11	– (A)	– (A)	Regulamento CEPE/ONU 89R00 (L)	
--	------------------	----------	----------	--------------------------------	--